

BANDO

DON ALFREDO LLANO GARCÍA

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BURELA

FAI SABER

Que á vista da situación sanitaria actual e en consonancia coas medidas acordadas no día de onte 12 de marzo pola Xunta de Galicia, adoptáronse as seguintes medidas preventivas, que entrarán en vigor hoxe venres día 13 e perdurarán ata novo aviso:

1º.- Pechar ao público todos os servizos municipais, salvo os básicos e para cuestións de urxencia.

2º.- Peche de todas as instalacións deportivas (Pavillóns municipais), Casa da Cultura, Biblioteca Municipal, Casa da Xuventude, Escola de Música, Servizo de Atención Temperá e Servizo de U.A.D.

3º.- Cesamento de todas as actividades deportivas, culturais e sociais programadas e/ou previstas.

Recomendamos ademais:

1º.- Seguir as instrucións do Ministerio de Sanidade e a Concellería de Sanidade, especialmente no concernete a limpeza e aseo e reunións superiores a 50 persóas.

2.- Utilizar, se é posible, o teléfono e evitar desprazamentos

Estamos ante unha situación que entre todos seremos capaces de superar se seguimos as directrices, recomendacións e ordes dos expertos. Sen medo pero con precaución.

En Burela a 13 de marzo de 2020

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE AO MARXE

